

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 21-05-2021, ditou a resolución con número 1175/2021 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE BOLSAS DIRIXIDAS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DE CARBALLO PARA ACTIVIDADE DEPORTIVA DURANTE O ANO 2020.**

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de marzo de 2021 foron aprobadas as Bases reguladoras da convocatoria de bolsas dirixidas a deportistas individuais do Concello de Carballo para actividade deportiva durante o ano 2020"; publicadas no Bop da provincia de A Coruña nº 55, de 24 de marzo de 2021.

Posteriormente publicouse no Bop da provincia de A Coruña nº 59, de 30 de marzo de 2021, o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións, e rematou o prazo de presentación de solicitudes o 19 de abril de 2021.

De tódalas solicitudes recibidas, unha foi presentada fóra do prazo establecido na convocatoria

De acordo coa base 10 da convocatoria, por decreto de alcaldía 1128/2021 do 18 de maio, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 19 de maio de 2021, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de resolución provisional

Consta no expediente o informe do Técnico de Deportes.

Visto o cal,

### **RESOLVO**

**Primeiro.-** Non admitir as solicitudes que figuran non Anexo 1, polos motivos que se indican.

**Segundo.-** Conceder provisionalmente as de axudas económicas a deportistas individuais do Concello de Carballo para financiar a actividade deportiva realizada durante o ano 2020 ós beneficiarios que se relacionan no Anexo 2, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor, sendo o importe total proposto de 2.100,00 €. Tal e como establecen as bases a resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor dos beneficiarios propostos fronte ó Concello de Carballo mentres este non lle notifique a concesión definitiva da subvención.

**Terceiro.-** Conceder un prazo de dez días hábiles para comunicaren, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

**Cuarto.-** Ordear a notificación individual ós beneficiarios, a publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal> e abrir un prazo de 10 días hábiles para que os beneficiarios, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

José Villán Fuertes

**Anexo 1.- Bolsas dirixidas a deportistas individuais do Concello de Carballo para actividade deportiva durante o ano 2020. Concesión Provisional. Solicitudes Exluídas e Non Admitidas.**

| <b>Solicitudes Exluídas e Non admitidas</b> |                      |                |   |
|---|----------------------|----------------|---|
| <b>Nº</b>                                   | <b>Solicitante</b>   | <b>CIF/NIF</b> | <b>Motivo</b>   |
| 1   | Pombo Alvarez, Tomás | ***5593**      | Causas definidas nas bases 7.2 e 7.3 da convocatoria. (Exluída) |
| 2   | Puga Rama, Roi       | ***7263**      | Presentación fóra de prazo. (Non admitida)                      |

**Anexo 2.- Bolsas dirixidas a deportistas individuais do Concello de Carballo para actividade deportiva durante o ano 2020. Concesión Provisional.**

| <b>Solicitudes Admitidas</b> |                          |                |                   |
|------------------------------|--------------------------|----------------|-------------------|
| <b>Nº</b>                    | <b>Solicitante</b>       | <b>CIF/NIF</b> | <b>Importe</b>    |
| 1                            | Añón Pérez, Mateo        | ***9657**      | <b>300,00 €</b>   |
| 2                            | Castro Barrigón, Adrián  | ***3794**      | <b>300,00 €</b>   |
| 3                            | Castro Barrigón, Joaquín | ***0032**      | <b>300,00 €</b>   |
| 4                            | Díaz López, Mario        | ***0116**      | <b>300,00 €</b>   |
| 5                            | Díaz Rama, Daniel        | ***3054**      | <b>300,00 €</b>   |
| 6                            | Pereira Fonseca, Martín  | ***2722**      | <b>300,00 €</b>   |
| 7                            | Pereira Fonseca, Xoel    | ***2722**      | <b>300,00 €</b>   |
| <b>Total</b>                 |                          |                | <b>2.100,00 €</b> |

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario

José Villán Fuertes

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes